



✚ A sabana:

Sabes o que é a sabana?. Unha gran parte do terreo de Kenia é sabana, pero... que significa isto?... pois que é unha zona chaira, con herba baixa e salpicada por algunha árbore, arbusto ou matogueira. Na sabana hai unha época *seca*, na que non fai moita calor, e outra *chuviosa*, na que fai moito calor. Isto fai que a herba abunde e sirva de alimento ós animais.

Cal de estas paisaxes se corresponderá coa Sabana? (Pista: hai 3)



Tendo en conta o que sabemos do clima da sabana africana, se visitas Kenia na época chuviosa (chove e fai moita calor)... que roupa meterías na maleta?




“Trouleando polo Mundo” , proxecto da Aula Marrón

Unha das poucas árbores que se dan na sabana é o **BAOBAD**, tamén chamado *árbore botella*, *árbore máximo*, *árbore da vida* ou *árbore plantado ao revés*.

É unha árbore de gran tamaño, cun tronco con forma de botella, irregular e cheo de nós. Pode chegar a medir entre 25 m de altura e 10 m de ancho. As follas só brotan en época de chuvias.



Arrodea os baobads: (hai 2)



O seu froito é de gran tamaño (como un melón alongado), ten unha cáscara peluda, é carnosos e posúe propiedades moi beneficiosas. Coñécese co nome de **PAN DE MONO**.




Arrodea os froitos do Baobab: (hai 2)



Outro valor engadido desta árbore é o seu **carácter sagrado**. En África téñenlle un gran respecto, de feito, só o “gurú” ou “sabio” da tribo, pode subir ás súas ramas para recoller os froitos e as follas.

O Baobad, a lenda africana sobre a soberbia



Esta lenda africana conta que, fai moito, moito tempo, o baobad era a máis fermosa das árbores.

Animais e homes vivían cativados pola súa beleza. As súas ramas eran fortes, a súa cortiza suave e as súas flores dunha cor intensa.

Os deuses ademais outorgáronlle unha gran lonxevidade, para que todos puideran admirar a súa beleza por máis tempo. O baobad aproveitou isto para crecer máis e máis. Para facerse máis forte. As súas ramas comezaron a deixar sen sol ao resto das árbores, os cales tiveron que crecer na escuridade

A soberbia do baobad aumentaba segundo pasaban os anos, e desafiou aos deuses:

-Serei tal alto que vos alcanzarei aló no ceo!

Cando o baobad estaba a punto de tocar as nubes, os deuses déronse conta da súa ousadía e decidiron castigalo retirándolle os seus dons. A partir de entón, o baobad crecería ao revés, coas flores baixo terra e as raíces cara o ceo. Por iso o baobad ten ese aspecto tan estraño.

-De que continente nos chega esta lenda?

Europa - África - América

-En que árbore está baseada esta lenda?

Castiñeiro - eucalipto – baobad

-Como era o baobad? Arrodea en cada caso a opción correcta.

fermoso – feo

ramas brandas – ramas fortes

cortiza suave – cortiza áspera

flores de cor apagada – flores de cor intensa

-Cal cres que é o significado da palabra lonxevidade?

a) longa duración da vida

b) curta duración da vida.

c) sen vida.

-Con todos estes atributos, o baobad foi crescendo máis e máis, deixando ao resto das árbores crecer na...

claridade – escuridade

-Pouco a pouco o baobad volveuse cada vez máis...

simpático - soberbio - valente

-Arrodea o sinónimo da palabra **soberbia**?

modestia - arrogancia - humildade

-Cando o baobad estaba a punto de tocar as nubes, os deuses déronse conta da súa ousadía e decidiron retirarlle os seus dons. A partir de entón o baobad crecería...

ao dereito – ao revés

as flores baixo terra – as flores cara o ceo

as raíces baixo terra – as raíces cara o ceo

🌍 A reserva natural de Masái Mara – Parte 1:

A verdadeira riqueza de Kenia é, sen dúbida, a súa increíble fauna. O país conta con algúns dos parques naturais máis bonitos do mundo como é a reserva natural de **Másai Mara**, unha zona de sabana protexida para evitar a caza furtiva (ilegal) de animais. Esta reserva debe o seu nome á tribo dos **Masái** que habitan nela e ao río **Mara**, que a atravesa.



A xente que viaxa a Kenia, inclúe entre as súas actividades un **safari** por este marabilloso parque, mentres



que outros deciden dar un paseo en **globo** para poder gozar da súa beleza dende as alturas. Calquera das dúas opcións din que é un experiencia inesquecible, polo que moitos apúntanse ás dúas.

Sabes que é un **safari**?...pois é unha expedición para cazar animais salvaxes de gran tamaño ou como excursión fotográfica. Como en Kenia está prohibida a caza, os safaris que alí se organizan son só para ver e fotografar as especies animais.

E ti, que escollerías?. Marca cun X.



RECORTA AS PEZAS E COMPÓN O QUEBRACABEZAS.



"Trouleando polo Mundo" , proxecto da Aula Marrón

RECORTA AS PEZAS E COMPÓN O QUEBRACABEZAS.



"Trouleando polo Mundo" , proxecto da Aula Marrón

ORDEA AS ALTURAS ÁS QUE VOAN OS GLOBOS DE MENOR A MAIOR.



345m

459m

209m

799m

586m

462m



